

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 20/09/1965**

**Colección:**

**Data:** 20/09/1965

**De:**

Ramón Piñeiro;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixes:**

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

**Destino:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa]

**Localización física:**Fundación Luis Seoane

**Mencionados:**

Domingo García-Sabell; Isabel López García; Maruxa Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 20/09/1965**

Compostela, 20-IX-65  
Sr. D. Luis Seoane  
Buenos Aires

Benquerido Seoane:

Hoxe recibín de Galaxia a monografía dos teus grabados e pasei un par de horas felices ollando as láminas e léndo o espléndido prólogo que lles puxo Domingo. Quedoume o espírito invadido dun estrano e delicioso pracer, talmente como si tivera batido súpetamente con un requintado i escintilante tesouro. Por eso, sinto a íntima tentación de che escribir unhas liñas de cordial felicitación i ó mesmo tempo de sincera gratitude, porque o tesouro, obra do teu traballo creador, é pra todos nós e pra todos os que veñan detrás de nós. O prólogo de Domingo é un breve, agudo e certo ensaio que servirá de pauta interpretativa da tua personalidade e da tua obra, poisque os seus criterios de valoración son atinados e lúcidos.

Xa sei que estás novamente ao fronte da revista do Centro Gallego. Alégrome pola revista e polo prestixio que eso lle dá ao Centro. Figúrome que pra tí, no orde persoal, non deixará de ser unha carga de traballo.

Eiquí en Compostela, tivemos –e aínda temos– un ano de moito rebumbio coas romaxes xacobeas. Confiamos en que tamén vós aparezades calquera día por estas ruas.

Moitos saúdos a Maruxa e de Isabel pra os dous. Pra tí, unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.